




CONCELLO DE CERDEDO COTOBADÉ

PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A ORDENACIÓN DA ZONA VERDE EL/ZV-30



BORRADOR E DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉGICO

Normativa urbanística

xaneiro 2021

oau

OFICINA DE ARQUITECTURA URBANISMO Y PLANIFICACIÓN SLP

ÍNDICE

NORMATIVA URBANÍSTICA.....	3
1.- XERALIDADES	3
2.- APARCAMENTO 1	4
3.- APARCAMENTO 2	5
4.- ÁREA DE BAÑO	5
5.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS.....	6
6.- AUDITORIO.....	8
7.- ÁREA RECREATIVA	9
8.- CAMPA DEPORTIVA	10
9.- ÁREA DA LAGOA	10
10.- PARQUE DO BOSQUE	11
11.- CONDICIÓNS DO VIARIO	11
12.- CONDICIÓNS DOS PECHES	12
13.- CONDICIÓNS DAS INSTALACIÓNS E DO MOBILIARIO	12

NORMATIVA URBANÍSTICA

1.- Xeralidades

O presente plan especial de dotacións distingue as seguintes zonas:

- Aparcamento 1.
- Aparcamento 2.
- Área de baño.
- Actividades deportivas.
- Auditorio.
- Área recreativa.
- Campa deportiva.
- Área da lagoa.
- Parque do bosque.
- Viario.

A zona de viario terá a consideración de viario público de sistema local e cumprirá as funcións que lle son propias por razóns do uso, é dicir, tráfico rodado de enlace do viario local coa estrada provincial.

Independentemente da zona fixada como viario, no interior de cada unha das zonas tamén se poderán executar viarios coa finalidade de garantir a conexión entre elas e a continuidade de percorridos peonís e ciclistas.

As redes de servizos urbanísticos de abastecemento de auga, saneamento de augas residuais e pluviais, enerxía eléctrica, alumado público e telecomunicacións realizaranse baixo as diferentes zonas de viario, definindo a súa posición no correspondente proxecto de urbanización.

A zona de aparcamento destinarase a estancia de vehículos vinculados cos usuarios da dotación. Contemplará estancia tanto de turismos como de autocaravanas coas condicións de uso e urbanización que figuran na presente normativa.

Os usos das restantes áreas serán os que figuran na presente normativa, de acordo coas previsións do PXOM así como as definidas na presente normativa.

A presente normativa define as condicións de uso, ocupación, volumétricas, e de urbanización de para cada unha das zonas nas que se divide a actuación. Serán de aplicación de xeito complementario as determinacións fixadas no plan xeral de ordenación municipal e no plan básico autonómico.

Tamén define as condicións construtivas e de urbanización de determinados elementos que conforman a actuación.

2.- Aparcamiento 1

Prevese a execución dun máximo de 40 prazas de aparcamento de turismos e 8 de autocaravanas.

As dimensións mínimas das prazas de aparcamento de turismo serán de 2,40 x 4,50 metros.

Preverase unha praza de aparcamento de turismo para persoas con mobilidade reducida.

As dimensións mínimas das prazas de aparcamento para autocaravanas serán de 2,75 x 7 metros. Preverase ademais unha única plataforma de servizo para recollida de augas grises dotación de auga e recollida de residuos. Esta plataforma terá unha superficie mínima de 4 x 8 metros. A súa posición será o mais afastada posible dos leitos dos ríos do contorno.

Dotarase a área de contedores para recollida selectiva de residuos domiciliarios. A posición destes contedores será a máis discreta posible, intentando minimizar o seu impacto coa plantación de especies vexetais no seu contorno. A súa posición será o máis afastada posible dos leitos dos ríos do contorno.

No deseño das prazas de aparcamento respectarase, na medida do posible, o arborado existente. A tal efecto, o proxecto de urbanización conterá unha planimetría de detalle do estado actual das árbores existentes, e unha análise de cada unha delas. Xustificarase caso a caso a procedencia o improcedencia da súa conservación. Neste último caso, a xustificación basearase exclusivamente na inexistencia de alternativas de deseño que garantan o número de prazas indicado, ou na saúde da árbore que impida a súa conservación. De todas as alternativas avaliadas valorarase a que máis especies arbóreas conserve.

Permítese o movemento de terras ata acadar as rasantes do vial de acceso existente. En todo caso este movemento de terras será respectuoso coa conservación das árbores. Non se permite realizar movementos de terra na zona de dominio público hidráulico.

Os pavimentos serán drenantes. A tal efecto recoméndase para as prazas de aparcamento e zonas de circulación, un pavimento de celosía de formigón ou similar, asentado sobre terreo compactado. A pavimentación deseñarase exclusivamente para o espazo estrito necesario para a execución das prazas de aparcamento e os percorridos ata elas.

Excepciónase deste tipo de pavimentación a plataforma de servizo na que, por motivos de seguridade poderase empregar pavimento de formigón continuo.

A superficie non pavimentada deixarase en estado natural, con plantación de especies herbáceas ou arbustivas. Para as especies herbáceas e arbustivas escolleranse exemplares autóctonos con poucos requirimentos de rega.

Entre as árbores existente e as de nova plantación existirá unha proporción dunha unidade por cada dúas prazas de aparcamento de turismos e unha por cada praza de aparcamento de autocaravanas.

As árbores de nova plantación serán sempre de especies autóctonas.

3.- Aparcamiento 2

Prevese a execución dun máximo de 56 prazas de aparcamento de turismos e 15 de autocaravanas.

As dimensións mínimas das prazas de aparcamento de turismo serán de 2,40 x 4,50 metros.

Preveranse dúas prazas de aparcamento de turismos para persoas con mobilidade reducida.

As dimensións mínimas das prazas de aparcamento para autocaravanas serán de 2,75 x 7 metros. Preverase ademais unha única plataforma de servizo para recollida de augas grises dotación de auga e recollida de residuos. Esta plataforma terá unha superficie mínima de 4 x 8 metros.

Dotarase a área de contedores para recollida selectiva de residuos domiciliarios. A posición destes contedores será a máis discreta posible, intentando minimizar o seu impacto coa plantación de especies vexetais no seu contorno.

A prazas situaranse en batería formando liñas na dirección das curvas de nivel de xeito que se minimicen os movementos de terras. De todas as alternativas avaliadas valorarase a que menos movementos de terra produza.

Zonificarase o aparcamento separando a zona de autoricaravanas da de turismos.

Realizaranse os viais de conexión da zona co acceso que se execute na estrada provincial e desta co resto das áreas zonificadas.

Os pavimentos serán drenantes. A tal efecto recoméndase para as prazas de aparcamento e zonas de circulación, un pavimento de celosía de formigón ou similar, asentado sobre terreo compactado. A pavimentación deseñarase exclusivamente para o espazo estrito necesario para a execución das prazas de aparcamento e os percorridos ata elas.

Excepciónase deste tipo de pavimentación a plataforma de servizo na que, por motivos de seguridade poderase empregar pavimento de formigón continuo.

A superficie non pavimentada deixarase en estado natural, con plantación de especies herbáceas ou arbustivas. Para as especies herbáceas e arbustivas escolleranse exemplares autóctonos con poucos requirimentos de rega.

Realizarase plantación de arborado nunha proporción dunha unidade por cada dúas prazas de aparcamento de turismos e unha por cada praza de aparcamento de autocaravanas.

As árbores de nova plantación serán sempre de especies autóctonas.

Executarase un peche de fábrica no límite da actuación o cal cumprirá as condicións dos peches fixadas na presente normativa.

4.- Área de baño

A área de baño complementará á área recreativa do río Castro existente.

Na área de baño executarase unha zona de piscinas públicas de superficie de lámina de auga non superior a 800 m². A superficie tampouco será superior ó 35% do total da zona.

As instalacións serán preferentemente enterradas, podendo sobresaír por riba da rasante tan so os elementos mínimos e imprescindibles para o seu funcionamento. No sistema de tratamento da auga evitarase, na medida do posible, o emprego de produtos químicos, instalándose preferentemente, e sempre que a opción sexa viable economicamente, sistemas de sal ou UV.

Non se permite ningún tipo de edificación, tan so construcións vinculadas ó funcionamento das piscinas.

Permítense os movementos de terras de recheo coa exclusiva finalidade de acadar unha cota de borde que confina os verquidos accidentais da piscina. Desde este punto de plantéxase exclusivamente unha elevación da rasante natural do terreo no borde da actuación non superior a 60 cm, creando un vaso natural de terreo. Os movementos de terra non afectarán en ningún caso ó dominio público hidráulico.

Manterase o arborado existente. A tal efecto, o proxecto de urbanización conterá unha planimetría de detalle do estado actual das árbores existentes, e unha análise de cada unha delas. Xustificarase caso a caso a procedencia o improcedencia da súa conservación. Neste último caso, a xustificación basearase exclusivamente na inexistencia de alternativas de deseño que garantan o número de prazas indicado, ou na saúde da árbore que impida a súa conservación. De todas as alternativas avaliadas valorarase a que máis especies arbóreas conserve.

As zonas pavimentadas serán as exclusivamente necesarias para o funcionamento das zonas de baño, bordes, duchas, accesos, etc. Salvo na zona de borde das piscinas, os pavimentos serán de pezas prefabricadas ou de pedra, colocadas sen morteiro sobre terreo compactado, de xeito que se garanta o drenaxe natural do terreo. Crearanse percorridos pavimentados entre as diferentes zonas de uso das instalacións. A zona pavimentada non poderá superar o 15% do total da zona non ocupada polas piscinas.

No resto da parcela non adicada a zona de baño levarase a cabo a plantación de céspede.

O acceso transitoriamente realizarase directamente a través do aparcamento. Cando entre en funcionamento o resto do ámbito o acceso realizarse a través do vial que se executará na zona de actividades deportivas.

Executarase un peche de fábrica desta zona contra o aparcamento o cal cumprirá as condicións dos peches fixadas na presente normativa.

5.- Actividades deportivas.

Prevese execución dunha zona de pistas deportivas para práctica de deportes ó aire libre.

Executaranse dúas pistas de pádel e unha multideporte. Estas pistas poderán conformarse con pavimentos deportivos.

A zona restante, sen pavimentar, permanecerá en estado natural con plantación herbácea.

Prevese a execución dunha edificación coas seguintes características:

Uso: aseos, cabina de control de accesos, quiosco de venda de comida e bebida, con despacho para levar ou para consumir no local.

Edificabilidade: A superficie máxima para o conxunto dos usos non superará os 150 m².

Altura da edificación: 3,50 m en liña de fachada ata o arrinque do faldon de cuberta no caso de realizarse cuberta inclinada e ata o borde do peto no caso de realizarse cuberta plana. A altura definida será a distancia máxima entre a cota superior definida e o terreo en contacto coa edificación no punto máis desfavorable.

Cuberta: por riba da altura máxima da edificación permítese tan so a execución dunha cuberta inclinada, formada por faldóns continuos sen quebros nas súas vertentes. Se a cuberta é plana inscribírase dentro da altura máxima definida no apartado anterior. Os elementos de instalacións que poden sobresaír por riba da altura máxima, de existir, deberán estar englobados dentro da envolvente definida polos faldóns de cuberta. A penden máxima da cuberta inclinada será do 30%.

Cores e materiais: Realizarase preferentemente con materiais prefabricados e tecnoloxía desmontable. As cores harmonizarán co contorno, debendo adaptarse ó disposto para a zona na Guía de Cores e Materiais de Galicia, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Poderá executarse unha zona pavimentada, de superficie non maior de 150 m² que se poderá destinar a terraza ou estancia vinculada á edificación. En todo caso os pavimentos desta zona serán drenantes.

A superficie non pavimentada deixarase en estado natural, con plantación de especies herbáceas ou arbustivas. Para as especies herbáceas e arbustivas escolleranse exemplares autóctonos con poucos requirimentos de rega.

Nesta zona executarse o acceso principal á área recreativa e o principio da senda peonil e ciclista que percorrerá a área.

Executarase un peche de fábrica desta zona contra o aparcamento o cal cumprirá as condicións dos peches fixadas na presente normativa.

Conservarse e porase en valor a vexetación de ribeira vinculada ó rego Seixo e procederase á plantación de novas especies arbóreas coa idea de minimizar o impacto da urbanización. Estas especies arbóreas acompañarán á senda que ten inicio nesta zona e servirán de conexión entre a mencionada vexetación de ribeira e a zona máis urbanizada da edificación de quiosco e control de acceso.

As árbores de nova plantación serán sempre de especies autóctonas.

6.- Auditorio.

Executarase un auditorio natural ó aire libre.

Aproveitando a pendente natural do terreo levarase a cabo un abancalmento coa finalidade de crear un teatro natural. Plantéxase un desnivel total do auditorio de 7 m como máximo entre o acceso superior e a zona baixa, destinada a actuacións. Os abancalmentos non terán unha altura superior a 75 cm e formarán unha superficie curvada para favorecer o trazado do teatro. Estes abancalmentos realizaranse en pedra, con tipos de aparello da zona. A pendente do conxunto do gradarío non será superior ó 28%. A zona de abancalmento non realizada en pedra poderase pavimentar con pavimentos drenantes. O pavimento deseñarse de tal xeito que poida acoller a instalación de asentos desmontables ou móbiles.

Na zona baixa realizarase unha zona explanación de superficie non maior de 400 m cadrados na que se poida instalar un escenario desmontable. A tal efecto poderase pavimentar con elementos drenantes. A tal efecto recoméndase un pavimento de celosía de formigón ou similar, asentado sobre terreo compactado.

Na zona central poderase executar unha zona elevada a modo de pequeno escenario fixo, sen cuberta. Este escenario non se elevará máis de 1,20 m sobre a rasante natural do terreo e poderá estar realizado en pedra, formigón ou madeira. En ningún caso se poderán empregar como vistos materiais deseñados para ser revestidos.

A zona non abancalada e non destinada a escenario permanecerá en estado natural con plantación de especies herbáceas ou arbustivas. Para as especies herbáceas e arbustivas escolleranse exemplares autóctonos con poucos requirimentos de rega.

Nesta zona tamén se executará unha pequena edificación coas seguintes características:

Uso: aseos, cabina de control de accesos, quiosco de venda de comida e bebida, con despacho para levar ou para consumir no local.

Edificabilidade: A superficie máxima para o conxunto dos usos non superará os 50 m².

Altura da edificación: ancho 0 m en liña de fachada ata o arrinque do faldon de cuberta no caso de realizarse cuberta inclinada e ata o borde do peto no caso de realizarse cuberta plana. A altura definida será a distancia máxima entre a cota superior definida e o terreo en contacto coa edificación no punto máis desfavorable.

Cuberta: por riba da altura máxima da edificación permítese tan so a execución dunha cuberta inclinada, formada por faldóns continuos sen quebras nas súas vertentes. Se a cuberta é plana inscribírase dentro da altura máxima definida no apartado anterior. Os elementos de instalacións que poden sobresaír por riba da altura máxima, de existir, deberán estar englobados dentro da envolvente definida polos faldóns de cuberta. A penden máxima da cuberta inclinada será do 30%.

Cores e materiais: Realizarase preferentemente con materiais prefabricados e tecnoloxía desmontable. As cores harmonizarán co contorno, debendo adaptarse ó

disposto para a zona na Guía de Cores e Materiais de Galicia, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Poderá executarse unha zona pavimentada, de superficie non maior de 150 m² que se poderá destinar a terraza ou estancia vinculada á edificación. En todo caso os pavimentos desta zona serán drenantes.

Coa finalidade de exercer o control de acceso executarase un peche na zona en contacto coa estrada provincial, o cal respectará a distancias legalmente establecidas na lexislación de estradas. O aparello do peche será tradicional, acorde cos que existen na zona.

Non se considera necesaria a plantación de especies arbóreas.

7.- Área recreativa

O uso desta zona será área de recreo e estancia propiamente dita, que actuará como complemento da zona de actividades deportivas e da zona de baño.

Plantéxase a plantación de especies arbóreas a modo de carballeira, xerada a partir dunha retícula uniforme. Empregaranse especies autóctonas.

A carballeira ocupará, canto menos, o 35% do total da área non forestada a día de hoxe.

Poderá executarse un parque infantil de superficie non superior a 350 m². Os xogos infantís serán discretos e integraranse no contorno. A tal efecto recoméndase empregar a Guía de Cores e Materiais de Galicia, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Crearase unha pequena zona para a realización de pequenas actividades organizadas, ó aire libre, que poden abarcar dende o ocio ata a formación. A tal efecto poderá pavimentarse con material granular ou terreo compactado unha superficie de ata 800 m². Vinculado a esta zona poderá executarse unha pequena estrutura horizontal elevada, como máximo 1 m con respecto á rasante natural do terreo, que poderá facer as veces de escenario. A superficie desta estrutura non poderá sobrepasar os 40 m².

Manteranse ademais as masas arbóreas existentes. A tal efecto, o proxecto de urbanización conterá unha planimetría de detalle do estado actual das árbores existentes, e unha análise de cada unha delas. Xustificarase caso a caso a procedencia o improcedencia da súa conservación. De todas as alternativas avaliadas valorarase a que máis especies arbóreas conserve.

Crearase un conxunto de sendas que dean continuidade ó principal, iniciado no acceso principal coas outras dúas zonas: camp deportiva e parque do bosque.

O resto da superficie deberá manterse en estado natural, con plantación de especies herbáceas ou arbustivas, ou ben con plantación de arborado. Para as especies herbáceas e arbustivas escolleranse exemplares autóctonos con poucos requirimentos de rega.

Manteranse as rasantes naturais, non permitíndose os movementos de terras. Os peches, de ser necesarios, serán de sebes ou postes de madeira de malla de arame de separación non menor de 20x20 cm.

Para os pavimentos das sendas empregaranse materiais granulares compactados.

8.- Campa deportiva

Os usos da campa deportiva serán os seguintes: realización de actividades deportivas ó aire libre e non regradas; e realización de festas populares ou romarías.

Plantexarase un espazo máis ou menos uniforme, tanto no seu contorno como na súa rasante.

De cara a acadar os obxectivos marcados permítense os movementos de terras e a nova conformación do terreo de xeito que sexa o máis adaptado posible ós fins perseguidos.

Non será obrigatoria a plantación de arborado e a cobertura vexetal será fundamentalmente herbácea e ou arbustiva, coa excepción dos terreos destinados a sendas peonís e ciclistas. Para as especies herbáceas e arbustivas escolleranse exemplares autóctonos con poucos requirimentos de rega.

Os movementos de terras serán controlados e a altura dos abancalementos, de ser necesarios non sobrepasará 0,75 m en cada un deles.

Para os pavimentos das sendas empregaranse materiais granulares compactados.

9.- Área da lagoa

O uso da zona será de repouso e estancia na que se poida aproveitar a auga do río Castro coa que linda esta zona.

Preténdese a súa conservación da zona no estado máis natural posible, pero xerando un espazo de auga, vinculada ó esparcemento é divulgación da flora e fauna locais.

Executarase unha pequena canle dende o río Castro que alimente unha pequena lagoa naturalizada, na que se desenvolva pequena fauna e flora autóctona, vinculada ás zonas húmidas.

A lagoa terá alimentación de auga a través dunha canle dende o río Castro e o seu desaugue será mediante canle ó mesmo río de xeito que se manteña o ciclo hídrico.

A superficie da lagoa naturalizada non será superior a 1.000 m².

Preverase un sistema de impermeabilización da lagoa e drenaxe da contorna de xeito que a actuación non afecte ó ciclo hídrico do río.

O resto da superficie non adicada a lagoa naturalizada e canle de alimentación e desaugue da lagoa permanecerá en estado natural, con plantación de especies herbáceas ou arbustivas e de arborado autóctono. Para as especies herbáceas e arbustivas escolleranse exemplares autóctonos con poucos requirimentos de rega.

Tamén se executarán as sendas que conecten os diferentes ámbitos.

A vexetación de ribeira manterase en estado natural, levando a cabo labores de conservación e mantemento.

10.- Parque do bosque

O uso principal será o de paseo, repouso e estancia.

Preténdese a conservación da masa forestal existente.

Propónse o mantemento da masa forestal existente, con limpeza selectiva do sotobosque e creación dunha rede de sendas para por en valor o espazo forestado. A senda principal percorrerá tanxencialmente a ladeira ascendendo das cotas máis baixas ata a zona máis elevada, na que se xerará un pequeno espazo de estancia, pero quen en todo caso respectará as árbores existentes.

A tal efecto, o proxecto de urbanización conterá unha planimetría de detalle do estado actual das árbores existentes, e unha análise de cada unha delas. Xustificarase caso a caso a procedencia o improcedencia da súa conservación. Neste último caso, a xustificación basearase exclusivamente na inexistencia de alternativas de deseño para a execución das sendas, ou na saúde da árbore que impida a súa conservación. De todas as alternativas avaliadas valorarase a que máis especies arbóreas conserve.

Na execución das sendas escolleranse as alternativas que menor movemento de terras leven aparelado. Para os pavimentos das sendas empregaranse materiais granulares compactados.

Non se considera necesaria maior plantación arbórea, permitíndose de xeito excepcional a tala selectiva tanto de exemplares enfermos como de aqueles que sexa imprescindible para a conformación do viario.

11.- Condicións do viario

Plantéxanse dous tipos de viario: viario para tráfico rodado e viario para tráfico peonil e ciclista.

O primeiro desenvolverase integramente na zona identificada como viario e en parte da zona identificada como aparcamento 2.

O viario para tráfico rodado poderá pavimentarse con mesturas bituminosas ou formigón. A súas dimensións e sección serán as necesarias para a normal circulación do tráfico de vehículos. Poderá ademais contar con bandas paralelas para tráfico peonil.

O viario peonil e ciclista percorrerá a totalidade das zonas nas que se divide a actuación, presentando un ou varios itinerarios de unión entre elas.

Este viario pavimentarase con material granular compactado.

O seu ancho mínimo será de 3,60 metros, cunha banda de 1,80 reservada a peóns e outra banda de 1,80 reservada para tráfico ciclista. A maiores presentará bordillos tanto lonxitudinais como transversais, para confinar o material granular e conformar as zonas de drenaxe.

A pendente lonxitudinal non superará o 6% nin o 2% a transversal.

Cada 50 m como máximo disporá dunha zona de descanso, composta por un banco.

Os viarios acompañaranse de alumeados cunha iluminación mínima de 20 luxes.

A zona de tráfico rodado estará conformada por un carril dun so sentido de circulación e con ancho non inferior a 3,40 m. A súa capa de rodadura poderá ser de mestura bituminosa, formigón ou material pétreo.

12.- Condicións dos peches

Plantéxanse tres tipos básicos de peches admitidos:

Peches de fábrica

Peches de malla de arame e postes de madeira.

Peche de sebes.

Os peches de fábrica realizaranse en pedra granítica da zona, en cachotería colocada ó modo tradicional, con posibilidade de incorporar aglomerantes para mellorar a súa resistencia e durabilidade. A súa altura máxima será de 1,20 m medidos sobre a rasante do terreo.

A malla de arame dos peches terá unha dimensión mínima de oco de 20x20 cm. A medida dos postes será tratada para mellorar a súa durabilidade e estará asentada sobre o terreo fincada ou con dado de formigón. A súa altura máxima será de 1,20 medidos dende a rasante do terreo.

Os peches de sebes realizaranse con especies autóctonas e podaranse regularmente de xeito que non acaden unha altura máxima de 1,20 m. Evitarase a formación de pantalla continuas en todo o perímetro da parcela.

Os peches de fábrica utilizaranse preferentemente no peche perimetral da parcela. Os restantes peches poderanse utilizar indistintamente para segregar as diferentes zonas.

Excepcionalmente poderanse utilizar outros tipos de peches motivados pola tipoloxía da actividade deportiva a realizar. Estes peches circunscribíranse exclusivamente ás pistas deportivas da zona correspondente.

13.- Condicións das instalacións e do mobiliario

O mobiliario será discreto e o mínimo imprescindible para cumprir as necesidades das diferentes actividades.

As papeleiras circunscribíranse exclusivamente á área de baño, área de actividades deportivas e auditorio, e se colocarán sempre afastadas do borde dos ríos ou zonas nas que os verquidos accidentais poidan chegar con facilidade ó cauce.

Os contedores para recollida selectiva de lixo situaranse nas zonas de aparcamento, e o máis próximos posible ó viario. Preveranse as medidas necesarias para paliar ó máximo posible o seu impacto visual.

Os bancos colocaranse en función do previsto nas normativa de accesibilidade nos itinerarios peonís, cunha distancia máxima de 50 metros.

Ó longo dos percorridos peonís, nas áreas de descanso poderán colocarse fontes de dispensación de auga.

O alumado público deseñarase tendo en conta o mínimo impacto visual, o cumprimento da iluminación mínima legalmente establecida e a mínima incidencia sobre a contaminación lumínica cara ó contorno.

Nos itinerarios peonís e ciclistas optarase preferentemente por iluminación de balizamento.

Os tendidos de enerxía eléctrica, alumado público e telefonía serán soterrados.

O sistema de abastecemento de auga potable e depuración de augas residuais existente considérase suficiente para liquidar o incremento derivado da implantación da nova dotación. Por este motivo non será necesario máis que realizar os entronques a estas redes nos puntos indicados nos planos correspondentes.

No caso do saneamento de fecais será necesaria a execución dun bombeo ata a cota de entronque coa rede xeral

Para o saneamento de pluviais preveranse pozos filtrantes.

Cerdedo-Cotobade, novembro de 2020

Polo equipo redactor

Juan A. Caridad Graña

Isidro López Yáñez

Arquitecto

Arquitecto